



ACTA DO 1º EXERCICIO (TIPO TEST) DA FASE DE OPOSICIÓN

En A Ribeira de Piquín (Lugo), a 13 de xullo de 2026.

Reunidos na Sede da Fundación “TerrEo” (Lugo), ás 11:45 horas, os integrantes do Tribunal cualificador que se constitúe para a realización e valoración da proba de galego e do primeiro exercicio teórico da fase de oposición (tipo test), entre os/as aspirantes incluídos/as na lista definitiva de admitidos/as do proceso de selección, para a cobertura en propiedade de dúas prazas de Oficiais de primeira acuicultura, como persoal laboral fixo, correspondente á oferta de emprego público para o ano 2025 da Fundación municipal “TerrEo” (Lugo), segundo convocatoria e bases aprobadas por Resolución da Presidencia núm. 2026/026, de data 9 de marzo de 2026, publicadas integramente no BOP de Lugo núm. 65, do 21/03/2026, así como anuncio da convocatoria no DOG núm. 60, do 31/03/2026, e no Boletín Oficial do Estado núm. 82, do 3/04/2026, polo que respecta á publicidade da convocatoria.

Vista a Resolución da Presidencia núm. 2026/085, do 23/06/2026, mediante a que se acorda nomear o Tribunal cualificador para o proceso selectivo indicado e convocar ó Tribunal de valoración para a realización e avaliación da proba de galego e da proba tipo test (primeiro exercicio) da fase de oposición, para o luns 13/07/2026, ás 12:00 horas e ás 12:30 respectivamente.

1) Ás 11:45 horas, na Sede da Fundación “TerrEo” (Lugo), reúnese o órgano de selección, coa asistencia que se indica:

Presidente	D. Miguel Fernández Labrada, Técnico de Proxectos da Fundación Municipal “TerrEo” (Lugo)
Secretaría	Dna. María del Pilar Tella Mazoy, Secretaria-Interventora da Fundación Municipal “TerrEo” (Lugo)
Vogais	Dna. Andrea Pasarín Marey, Administrativa do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).
	D. Rubén López Felipe, Operario de Servizos-Fontaneiro do Concello de A Ribeira de Piquín (Lugo).

Non asiste xustificando a súa ausencia D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de A Ribeira de Piquín, Vogal titular do Tribunal, así como D. David Criado Taboada, Secretario-Interventor da Agrupación de Concellos de Agolada (Pontevedra) e Santiso (A Coruña).

Vista a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ó citado proceso selectivo, aprobada por Resolución da Presidencia núm. 2026/085, do 23/06/2026, e publicada no BOP de Lugo núm. 145, do 27/06/2026.

Vista a base 7ª das bases reguladoras do citado proceso selectivo, en relación co sistema de selección e desenvolvemento do proceso, onde se indica:

“PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O procedemento de selección dos aspirantes constará das seguintes fases:



- Oposición.
- Concurso.

FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será posterior á do concurso. Consistirá na realización de dúas probas de aptitude eliminatorias e obrigatorias para os/as aspirantes.

Os/as aspirantes serán convocados/as en chamamento único. Serán excluídos/as da oposición os/as que non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento, o Tribunal poderá requirirllas aos/as opositores/as que acrediten a súa personalidade.

Os/as candidatos/as deberán acudir provistos/as do DNI ou, na súa falta, do pasaporte ou do permiso de conducir.

Con carácter previo á fase de oposición, o Tribunal procederá a valorar os méritos dos/as aspirantes que presentasen solicitude e estean definitivamente admitidos no proceso selectivo.

Os exercicios das probas serán obrigatorios e eliminatorios, cualificándose ata un máximo de 10 puntos por cada exercicio. Serán eliminados os aspirantes que non acaden un mínimo de 5 puntos (en cada un dos exercicios). A puntuación de cada un dos exercicios acadarase calculando a media aritmética das puntuacións outorgadas por cada un dos membros do Tribunal.

Os exercicios da oposición serán os seguintes:

A) PRIMEIRO EXERCICIO: Teórico, obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, un cuestionario tipo test de 25 preguntas, con 4 respostas alternativas, proposto polo Tribunal e relacionados co contido do programa que



figura no Anexo I a estas bases, nun tempo máximo de 45 minutos.

Puntuarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 5 puntos para superalo. Cada resposta acertada puntuarase con 0,40 puntos, descontando cada pregunta errónea con 0,20 puntos.

.....
.....

PROBA DE GALEGO:

En cumprimento do sinalado, as persoas aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución dun texto de castelán a galego, elixido polo Tribunal. Para superar a proba é necesario obter o resultado de APTO, dispoñendo dun tempo máximo de 20 minutos para a súa realización.

O texto non poderá ter máis de 200 palabras, sendo considerados como NON APTOS aqueles que teñan 20 erros ou máis (tradución, gramática e acentuación).

Están exentos da realización de dita proba, os/as aspirantes que presenten durante o prazo de solicitudes, e acrediten posuír con data límite do prazo de subsanación de instancias, o CELGA 2 ou equivalente.”

.....
.....

2) Ás 12:00 horas, na Sede da Fundación “TerrEo” (Lugo), cítanse ás persoas aspirantes, ao efecto de proceder á realización da proba de galego, por non acreditar o coñecemento da lingua galega nos termos recollidos nas bases reguladoras do proceso selectivo, que amosa o seguinte resultado:

DNI	APELIDOS E NOME	PROBA DE GALEGO
***46**7T	García García, José	APTO


3) Ás 12:30 horas, na Sede da Fundación “TerrEo” (Lugo), cítanse ás persoas aspirantes, ao efecto de proceder á realización do primeiro exercicio de carácter teórico (tipo test), que amosa o seguinte resultado:

DNI	APELIDOS E NOME	PRIMEIRO EXERCICIO: EXAME TIPO TEST
***46**7T	García García, José	7,40
***46**8R	García García, Julio	6,80
***84**7E	Sobrado Torres, Martín	NON PRESENTADO
***93**4H	Pazos Díez, Mauro	1,00

Acórdase, por unanimidade dos membros do Tribunal presentes, abrir un prazo de alegacións contra as presentes valoracións de 3 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación dos presentes resultados no Taboleiro de anuncios da Fundación Municipal “TerrEo” e na páxina web do Concello de A Ribeira de Piquín (www.ribeiradepiquin.es), rematando o prazo o xoves 16/07/2026. En caso de existir algunha/s alegación/s, resolveranse polo Tribunal o venres 17/07/2026, con motivo da realización do segundo exercicio (exame práctico).

E para a debida constancia de todo o actuado, esténdese a presente acta, por duplicado exemplar, en A Ribeira de Piquín (Lugo), a 13 de xullo de 2026, asinándose por tódolos membros do tribunal de selección.

MIGUEL FERNÁNDEZ LABRADA



ANDREA PASARÍN MAREY



Mª DEL PILAR TELLA MAZOY



RUBÉN LÓPEZ FELIPE

